

Ledicia Costas, escritora: "A morte galega gaña terreo polo mundo!"

Cada primeiro de novembro, os vivos dunha parte do mundo celebran a festa dos mortos mentres que os minimortos festexan... a dos vivos? Mais a que lle teñen medo os minimortos? Conversamos coa súa creadora, Ledicia Costas, neste Día de Defuntos, para saber máis sobre *O Día dos Vivos* (Xerais, 2021, con ilustracións de Mar Villar), a última entrega da saga dos minimortos.

B. Bouzas

01 de novembro de 2021

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ledicia-costas-escritora-morte-galega-gana-terreo-polo-mundo/20211101192505131602.html>

Cóntenos, que lles dá medo aos minimortos?

[Risos] O que lles produce arrepíos aos minimortos son as cousas que lles provocan aburrimiento como, por exemplo, ver o telexornal, ter que ir escoller zapatos a unha zapataría, un disfraz de calculadora...

N' *O Día dos Vivos* fixen [humor](#) á inversa. Así, as claves para os seus disfraces nesta festa son cousas que lles dan noxo ou medo. Noxo? Por exemplo, o brócoli, e por iso hai un que se disfraz de deste alimento. Ademais, tamén coincide, curiosamente, coas cousas que non lles adoitan gustar ás nenas e aos nenos.

Sempre partido do humor. Un humor macabro, é verdade, porque esas nenas e nenos son unha cuadrilla de pantasmas [risos], pero o motor desta serie, de todas estas aventuras, é o humor e a finalidade é que os lectores e as [lectoras infantís](#) pasen un momento divertidísimo.

Lectoras e lectores infantís que agora tamén poderán gozar dos minimortos en México, coa edición que acaba de tirar do prelo alí.

Iso foi moi forte, a verdade. Cando me anunciaron desde Penguin Random House México que arrancaban xusto nos días previos á conmemoración desta data foi [emocionante](#). Toda esta semana estiven en contacto coa prensa mexicana e foi moi estimulante porque, claro, alí celebran o Día dos Mortos dunha maneira moi especial... Non puideron escoller mellores datas.

Esta saída coincidiu ademais coa tradución de Kalandraka ao portugués de *Escarlatina* e *Esmeraldina*, que tamén saíu nestes días. Así que nada, aí estamos, a morte galega gañando terreo polo mundo! [risos].

O seu é fascinación polo alén.

Sempre me gustou o gótico, a literatura de pantasmas, de ultratumba, de [vampiros](#)... desde pequena. Bebín dese tipo de literatura. Os libros que me gustaban de adolescente eran dese pau, desde *Un ollo de vidro*...

Cada 31 de outubro miña irmá mais eu realizamos unha sesión de gastronomía e literatura. Facemos fotos macabras, tortas con temática destas datas... E onte [domingo] quixemos pór todos os libros que teño arredor da morte e non entraban na foto! É algo que me fixo moita graza, tomar conciencia de todos os libros que escribín arredor de [ultratumba](#). É moi nutritivo ese mundo e, sobre todo, engancha o público infantil e xuvenil. Algo moi reconfortante. Creo que é porque se trata de escribir sobre o que está prohibido, sobre o tabú. Por iso pode resultar tan atraente, tan fascinante. Parece unha ironía pero a morte é unha parte moi importante da vida e se ninguén nos prepara para iso, cando sucede é absolutamente traumático. Xa o é, de natural... imaxina se non sabemos en que consiste.

E que nos pode adiantar sobre 'Golpes de luz' (Xerais, 2021)?

Está a piques de saír, faltan 15 días e estou desexando que chegue ese momento. É outra novela para persoas adultas, logo da publicación de [Infamia](#) (Xerais, 2019).

É unha obra escrita a tres voces. Unha é a de Luz, que é unha muller de 80 anos; outra é a voz de Xulia, unha muller de 40; e a terceira é a de Sebas, que é un neno de 10 anos. Son tres xeracións. Avoa, nai e neto narran os mesmos feitos pero desde o seu particular punto de vista.

Crieime na zona de Lavadores (Vigo) xusto cando naceu o movemento veciñal “Madres contra la droga”, arredor de todo o [tráfico de heroína](#) nos anos 90. Vivía precisamente no barrio onde residiu moitos anos Carmen Avendaño. Nesa zona pasaron cousas bastante intensas arredor do tráfico de heroína e algunhas delas están neste libro. Iso marcou a miña infancia e creo que por iso escribín esta obra.

É unha novela que tamén aborda a temática dos coidados, a perda da memoria... Mais, e aínda que pareza mentira por todo o que acabo de comentar, é unha novela onde hai moitísimo humor. O humor ten unha presenza moi importante e os personaxes son moi esaxerados, rozan case o melodrama.